

*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se procede a adxudicar provisionalmente o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización ao alumnado de atención preferente.*

Mediante Resolución do 13 de maio de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos convócase o concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización ao alumnado de atención preferente.

A disposición sexta, sobre resolución provisional do concurso de méritos específico, establece que, logo de realizada a valoración dos méritos, publicarase no portal de internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.gal> a resolución provisional do concurso de méritos específico xunto coa adxudicación das prazas, o baremo, a relación de persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Na súa virtude esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública a adxudicación provisional das prazas do concurso de méritos específico convocado pola Resolución do 13 de maio de 2022 (Anexo I).

Segundo. Aprobar e facer público o baremo provisional das persoas participantes no concurso de méritos específico (Anexo II).

Terceiro. Aprobar e facer pública a relación de persoas excluídas e as causas de exclusión da participación no concurso de méritos específico (Anexo III).

Cuarto. As persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas no prazo de tres (3) días hábiles desde o día seguinte o da publicación desta resolución no portal de internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.gal>.

Así mesmo, poderán formular no mesmo prazo renuncia á participación no concurso de méritos específico que implicará a renuncia a todas as peticións formuladas neste.

Quinto. As reclamacións e renuncias poderán presentarse polos medios aos que alude a disposición cuarta da resolución de convocatoria do concurso e remitiranse ademais ao correo electrónico [persoal.primaria@edu.xunta.gal](mailto:persoal.primaria@edu.xunta.gal) dentro do prazo indicado.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

PS (Decreto 119/2022, de 23 de xuño)

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

